



## **MEDIDAS PARA ATENDER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO NO CASO DE CONFINAMENTO**

### **1.- HORARIOS ESPELLO**

A dirección do Centro, contando coa aprobación da Inspección Educativa, e coa colaboración do profesorado de nivel, ten elaborado uns horarios que se aplicarán en situación de ensino semipresencial ou de confinamento total e ausencia de actividade presencial. Os devanditos horarios, que se poden consultar no arquivo adxunto, manteñen unha carga lectiva do 60% en cada materia segundo a normativa vixente e manteñen o outro 40% para actividades de desenvolvemento persoal do alumnado de cada aula, ademáis de contar con dúas horas de titoría (unha para familias e outra para alumnado). Os horarios respectan os horarios establecidos a comezos de curso para cada nivel e grupo e poden consultalos tamén na arquivo adxunto.

### **2.- INFORMACIÓN AS FAMILIAS**

O profesorado titor de cada nivel e grupo informará as familias a maior brevidade posible, e trala aprobación pola Inspección Educativa do presente documento, de todas as normas e variantes que se establecen para a modalidade de ensino non presencial.

Igualmente tamén se trasladará coa máxima urxente por todos os medios posibles; comunicación escrita, comunicación abalar, comunicación en web, comunicación titorial, a concreción do Protocolo establecido para o ensino non presencial no proceso de ensino-aprendizaxe.

Así haberá un espazo específico na WEB para as medidas de ensino-aprendizaxe en ensino non presencial onde cada nivel poderá consultar a información. Igualmente haberá un enlace dentro da ventana que posuimos na WEB (ESPAGO COVID) onde situaremos o Plan de Continxencia e as incorporacións que agora engadimos para o proceso de ensino en caso de confinamento.

Nese Plan de Continxencia haberá un apartado específico por nivel (tanto en etapa infantil como na etapa de primaria) para que os pais poidan acceder a esa información.

### **3.- ATENCIÓN TELEMÁTICA DO PROFESORADO**

Todo o profesorado atenderá telemáticamente, polos medios que se estipulen e decidan por nivel (Aula Virtual, Videoconferencia por Plataformas educativas –Webex, Falemos, etc...-, Blogs específicos, correo electrónico, traballos en WEB, páxinas dinámicas) a todo o alumnado do Centro de forma diaria e respetando o establecido para a atención educativa dos discentes.

### **4.- CESIÓN DE EQUIPOS E MATERIAL EN CASO DE CONFINAMENTO**

A Administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidades. Isto implica que a tal fin disporá os medios informáticos necesarios, que serán cedidos pola Administración, para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise por carecer deles. Esta cesión de equipo e material será por orde de necesidades máis perentorias e atendendo aos medios e equipos cos que conte o centro de forma sobranter e aqueles que lle sexan achegados pola Administración. Todo este proceso de cesión estará



regulado polo Procedemento de Xestión de Equipamento para alumnado en situación de fenda dixital.

### **5.- ALUMNADO CON FENDA DIXITAL**

Ao longo do mes de setembro e outubro enviouse e recollouse a través das titorías toda a información que as familias proporcionaron sobre os medios materiais cos que se conta nos fogares para unha modalidade de aprendizaxe telemático en ensino non presencial. Eses datos foron enviados á Inspección para o seu coñecemento e para que se estableza por parte da Administración a dotación de recursos se fora mester.

### **6.- ADAPTACIÓN AO NOF DO ENSINO A DISTANCIA**

O conxunto de actividades que se deben desenvolver na modalidade de ensino a distancia estarán reguladas e contempladas, como una forma de ensino regrado e polo tanto baixo o corpus legal establecido, dentro das NOF do Centro.

En concreto, nese documento que regula a organización e funcionamento da vida escolar, incorpórase un apartado específico que atende a aquilo derivado da relación virtual ou a distancia que se produce entre discentes e docentes, ou entre o alumando entre eles, así como con todos os recursos e persoas que participen do proceso de ensino formativo telemático.

Toda esa información pode consultarse no documento de NOF que aparece na nosa páxina web.

### **7.- PROTOCOLO DE INFORMACIÓN SEMANAL DAS TAREFAS DE TITORÍA**

A Dirección do centro vai requirir, a través da Xefatura de Estudos, ao remate de cada semana (envío que se producirá todos os venres en horario de 16,00 a 18,00 horas) un informe en WORD do traballo desenvolvido por cada titoría ao longo desa semana.

Nese informe que se enviará por correo electrónico (á dirección da xefatura de estudos) indicando en Asunto (Informe Semana –datos entre paréntese- Titoría –nivel e grupo-) recollerase, nun documento adxunto que se engadirá ao correo, a seguinte información:

- Cumprimento do Horario Espello
- Tarefas realizadas; nomeamento das mesmas e actividades.
- Informe específico de cada especialidade
- Alumnado non conectado.
- Contacto coas familias
- Outros aspectos relevantes.

Os devanditos informes serán revisados e arquivados co obxecto de comprobar a evolución educativa do proceso de ensino-aprendizaxe.

### **8.-INFORMACIÓN AS FAMILIAS PARA ACHEGAR AO FUNCIONAMENTO DE FERRAMENTAS TELEMÁTICAS.**

O/A titor/a informará as familias do alumnado a través de videoconferencia e con enlaces na WEB do Centro, así como os enlaces que se trasladen desde Abalar, de como achegarse ao funcionamento das ferramentas telemáticas que se garantizan nesta modalidade de ensino-aprendizaxe. Igualmente polas mesmas canles se dará conta do necesario control



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

r/ Vila de Ordes s/n

15100 Carballo (A Coruña)

☎ 981700294 Fax: 981758203

**C.E.I.P. Fogar**

**[ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es](mailto:ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es)**

---

de asistencia e participación obrigada nas sesións telemáticas por parte do alumnado, así como das súas consecuencias no proceso de avaliación.

En calquera caso, todas as familias poderán consultar na web do Centro, no apartado PROGRAMACIONES, todos os criterios e instrumentos de cualificación e avaliación en forma de ensino non presencial.